

ESTREA EN NUMAX: 27.12.2019 | V.O.S.E.

*La vérité* (2019, 106')

**Dirección:** Hirokazu Koreeda

**Guión:** Hirokazu Koreeda, Léa Le Dimna

**Elenco:** Catherine Deneuve, Juliette Binoche, Ethan Hawke, Ludivine Sagnier, Clémentine Grenier, Manon Clavel, Alain Libolt, Christian Crahay, Roger Van Hool, Laurent Capelluto

**Son:** Sébastien Noiré

**Música:** Alexei Aigui

**Fotografía:** Eric Gautier

**Montaxe:** Hirokazu Koreeda

**Dirección de arte:** Riton Dupire-Clément

**Vestuario:** Pascaline Chavanne

**Produtora:** 3B Productions, Bun-Buku, MI Movies, France 3

**Cinéma,** Garidi Films (Francia - Xapón)

**Distribuidora:** Golem Distribución

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Francés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2019 (Sección Oficial)

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*After life*, 1998

*Nadie sabe*, 2004

*Still Walking*, 2008

*De tal padre, tal hijo*, 2013

*Después de la tormenta*, 2016

*El tercer asesinato*, 2017

*Un asunto de familia*, 2018

## SINOPSE

Fabienne é unha das grandes estrelas do cinema francés, unha actriz que reina entre os homes que a aman e admiran, pero no seu mundo interior ten grandes conflitos con Lumir, a súa filla. Lumir viaxa co seu marido e filla a París cando se publican as memorias da súa nai. O encontro non tardará en converterse en enfrontamento: revelaranse verdades, axustaranse contas, falarase de amor e de resentimento.

«Un filme cheo de espellismos e simulacros, unha moi inspirada aproximación ao xeito en que os seres humanos tendemos a construír a nosa realidade. Un exemplo tanxíbel da universalidade da expresión fílmica»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS



## “A soidade sempre acompaña o éxito”

Entrevista con Hirokazu Koreeda

Por Marta Balaga

**Oín que, en realidade, foi Juliette Binoche quen te levou a empezar este proxecto, hai xa algúns anos. De que forma influíu?** Antes de decidir a temática actual da película, Juliette preguntoume se estaba interesado en facer unha película xuntos (isto ocorreu en 2011). Ao principio, a idea era gravar en Xapón pero despois pensei en ir a Francia e gravar cun equipo francés para cambiar. Decidín que quería que o protagonista fose unha icona do cinema francés, alguén que puidese reflectir a súa propia historia. Poderíase dicir que tiven a estas tres persoas en mente desde o principio [incluído Ethan Hawke, que interpreta ao marido de Lumir]. Igual que o personaxe de Catherine, Fabienne, eu alcancei certo éxito, e un tende a pensar que iso impide que te sintas só. Pero a soidade sempre acompaña o éxito. Sempre penso na familia que deixo atrás. Agora estou aquí, en Venecia, pero estou só.

**Cando vin a Catherine Deneuve noutro festival, dixo que non se**

**recoñecía a si mesma en Fabienne. Pero hai moitas bromas privadas na película que parecen reflectir a súa historia e opinións persoais. Está feito á mantenta?** Catherine é un espírito libre. É divertido tela preto, sobre todo se unha escena sae ben. Tiven longas entrevistas con ela e interesábanme moito os seus inicios no cinema e a súa relación coa familia. Useino para escribir o guión. Por exemplo, fíxenlle a mesma pregunta que lle fai a xornalista a Fabienne ao principio da película: se hai algunha outra actriz co seu mesmo ADN, por así dicilo. Ela respondeu: «En Francia? Creo que non.» Pareceume que era unha frase interesante para incluír nunha película e así o fixen. Tamén houbo outras cosas pero Catherine dixo que este personaxe é moi cruel, e que se alguén dixese unhas palabras tan cruéis sería universalmente odiado. Así que tomou distancia pero interesáballe interpretar a esta muller tan peculiar dunha forma divertida.

**En moitas das túas películas parece moi interesado na dinámica familiar. Foi diferente explorar ese tema nunha lingua que non coñeces?** Normalmente, os xaponeses non son tan sinceros. Nas nosas familias, usamos máis o silencio (eu incluído). Tentamos evitar os enfrontamentos directos e, se é necesario, retirámonos. En Francia, teño a impresión de que as persoas se enfrontan unhas a outras a través das palabras. Desde este punto de vista, se falamos dunha relación entre unha nai e unha filla

ou un home e a súa muller, decidín usar palabras máis fortes das habituais. Pero á parte diso, non notei ningunha diferenza significativa.

**Nin sequera durante a rodaxe?** Non me sentín só na rodaxe porque tiven a sorte de estar cunha actriz moi boa que nos axudou en todo momento. Grazas a ela non houbo tensión por problemas de comunicación. Levoume máis tempo porque cando «sentía» unha boa interpretación, necesitaba un momento para comprobar se o audio ou a pronuncia eran correctos. Catherine, por exemplo, non é o tipo de actriz que aprende todo o guión con antelación. Normalmente, explora o ritmo da escena e despois empeza a actuar. Ás veces, pensaba: «Oh, foi unha actuación incrível», e despois falaba co meu intérprete, que me dicía: «Si, pero o problema é que non utilizou ningunha palabra do guión». [Risas] Ela prefere comprender primeiro a emoción e engadir despois os detalles. Tiven que afacerme a iso.

Publicado en cineuropa.org

Traducción: Olalla Cocina

### O director

Os filmes de Hirokazu Koreeda (Tokio, 1962) exploran temas como a memoria, a morte e a asunción da perda. Despois de graduarse na Universidade de Waseda traballou como asistente de dirección de documentais para TV Man Union. En 1991 dirixiu o seu primeiro filme. Produciu filmes para Miwa Nishikawa e Yusuke Iseya. Gañou a Palma de Ouro en Cannes 2018 por *Un asunto de familia*.

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org



## MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que  
agardas para  
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX  
e queres compartilo,  
fai unha foto co teu  
abono e compártea.

#eusondenumax